



COPIA

## PREGUNTA ORAL SOBRE A NON INCLUSIÓN DE MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE NA REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto leváronse a cabo distintas obras de reposición de pavimentos en varias rúas do Ensanche, unha medida necesaria e longamente agardada pola veciñanza que se tiña queixado, con razón, da situación das beirarrúas que tiña ocasionado máis dun percance por causa das dificultades para o tránsito, en especial das persoas maiores.

Segundo informou o propio Concello a estas actuacións, que incluían tamén a reposición do solo en varias entradas de garaxes, íanse dedicar máis de 70.000 euros e os traballo prolongaríanse por espazo duns dous meses.


Na encrucillada entre as rúas República do Salvador e Alfredo Brañas levouse a cabo unha actuación de máis envergadura. Nese lugar prodúcese o encontro de dous materiais. Con anterioridade o material das beirarrúas era o pavimento de lousa de Alfredo Brañas. Coa nova actuación substituíuse a lousa polo formigón de República do Salvador. Esta decisión parécenos acertada xa que este material é máis resistente e máis seguro para o peón.

O que non entendemos é que, xa que foi remodelado completamente o cruce, non se dotaran aos pasos de peóns da correspondente pavimentación táctil conforme aos artigos 45 e 46 da Orde VIV./561/2010, do 1 febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados (incluso coas modificacións introducidas no informe emitido pola Dirección de Autonomía Persoal, Benestar Social e Atención ao Maior da Dirección Xeral da ONCE). Especialmente, tendo en conta que este punto xa fora considerado un punto prioritario de actuación por COGAMI cando se elaborou o Proxecto básico e de execución da mellora da accesibilidade en Santiago de Compostela (Fase I), e dispoñían, polo tanto, dun deseño correcto da instalación deste tipo de sinalización.

Á vista desta circunstancia, e tendo en conta que na cidade existen aínda outras zonas semellantes que precisan da súa adaptación á normativa de accesibilidade, formulamos a seguinte pregunta:

*Por que non aproveitou o Goberno as obras de reposición de pavimentos para adaptar esas zonas de actuación á normativa vixente en materia de accesibilidade; e se pensa darlle cumprimento a esta normativa neste e noutros casos semellantes, como unha prioridade a incluír non só nos novos proxectos, senón tamén naquelas pequenas obras de reposición e rehabilitación que se vaian a acometer no futuro?*

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016



Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Popular